

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN EXECUTIVAS DE GALICIA PARA A VISUALIZACIÓN E APOIO A PROMOCIÓN DA IGUALDADE A TRAVÉS DO PROXECTO "REFERENTES GALEGAS"

MEMORIA TRANSPARENCIA

A directora xeral de Promoción da Igualdade da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA
Con data 28 de maio de 2025 asinouse o convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a entidade Asociación Executivas de Galicia para o desenvolvemento do proxecto "Referentes Galegas" mediante o cal se dan a coñecer mulleres expertas das diferentes áreas do coñecemento e se recoñece o talento e o liderado feminino.

Con data 1 de agosto de 2025, a Asociación executivas de Galicia solicitou a ampliación dos prazos do período subvencionable e de xustificación sinalados no convenio nas súas cláusulas cuarta e sexta, polo que o período subvencionable proposto sería dende o 1 de xaneiro de 2025 ao 30 de novembro de 2025 e o prazo de xustificación remataría o 5 de decembro de 2025. Os motivos alegados son que o día 30 de maio de 2025 tivo lugar a Asemblea Xeral Extraordinaria da Asociación na que se acordou o cambio de xunta directiva, que provocou trámites e xestións para o cambio de mandato que dificultou a posta en marcha nos prazos previstos das actuacións que se recollen no convenio.

Con data 7 de agosto de 2025 a Comisión de seguimento deste Convenio de Colaboración, unha vez analizada a solicitude e tendo en conta que a modificación solicitada non afecta a terceiros interesados nin supón alteración do exercicio económico, acordou aprobar a ampliación dos prazos solicitados e realizar a correspondente addenda ao convenio nos seguintes termos:

- O prazo do período subvencionable será dende o 1 de xaneiro ao 30 de novembro de 2025. Serán subvencionados os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e sexan realizados e pagados durante ese período.
- O prazo para a presentación da documentación xustificativa será ata o 5 de decembro de 2025.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímouse xustificado o recurso á sinatura da addenda ao instrumento convencional que se asinou, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Promoción da Igualdade

Maria Quintiana Pérez

